

ANTONIO CASTILLO DOMÍNGUEZ

Extraído da Tese de doutoramento de Diego Conde Gómez: "*Veterinaria e mellora pecuaria na Galicia contemporánea. O papel de Juan Rof Codina*"

Nado en Monesterio (Badaxoz) en 1896, graduouse en 1916 na Escola de Veterinaria de Córdoba. Veciño de Cedeira (A Coruña) onde é Inspector veterinario municipal ata 1925 que pasa a ocupar a praza de Narón. Mantén unha intensa relación cos socialistas de Ferrol, onde chega a ser nomeado Presidente da Xunta Rectora do Circulo Socialista o 12 de xuño de 1936.

Participa con diferentes artigos no xornal *El Ideal Gallego*, onde salienta a lenta evolución agropecuaria a pesar dos esforzos que se teñen feito, en especial por parte de Rof Codina. Quizais pola súa procedencia centra como unha das principais eivas e causa da falta do necesario cambio, a distribución da terra en mans de grandes propietarios, exceptuando a parte norte da península¹538. Ao considerar que este problema esta parcialmente resolto en Galicia, centra na falta de educación dos labregos a causas da lenta evolución da industria gandeira.

"En esta región predomina la pequeña propiedad al revés de Andalucía y Extremadura, por lo que este problema pasa a ser secundario, quedando el de la "escuela" en primer lugar. Aquí en Galicia, la gran mayoría de los "paisanos" no necesitan del trabajo de los hijos para que pueda comer la familia; pero es tanta la ignorancia, tiene un apego tan grande a lo tradicional, a la rutina, ve tan confusamente las ventajas de la cultura que no envían el hijo a la escuela con la regularidad necesaria²."

Para resolver esta circunstancia, Antonio Castillo indica como terían que ser os "*núcleos de entusiastas*" emprendedores xunto cos novos veterinarios os que estimularan esta evolución. Para elo, terían que levar un Plan que comprendera polo menos os tres puntos seguintes: Estudio da gandería no termo municipal, os medios que se empregan na súa defensa e conservación, e determinación de medios para o seu fomento³, aproveitando a dinámica de cambio que se estaba a impoñer no agro galego.

¹ A. CASTILLO, "La evolución agro-pecuaria en Galicia. I", *El Ideal Gallego*, 30 de outubro de 1921, A Coruña

² Ibid

³ A. CASTILLO, "La evolución agro-pecuaria en Galicia. II", *El Ideal Gallego*, 27 de novembro de 1921, A Coruña

"El hecho de que hayáis acudido aquí a la simple insinuación de que traíamos el propósito de hablar de algo que se relaciona con la manera de salir de vuestro miserable estado, el espectáculo consolador que disteis hace pocos días acudiendo en masa a oír al incansable batallador don Juan Rof Codina, hace presumir que no estáis dispuestos a seguir siendo una manada de inconscientes, y que ansiáis cambiar la vida que leváis por otra más en armonía con la justicia⁴."

En 1923, coa instauración do Directorio Militar demándase a rápida solución dos diferentes problemas que estaban a incidir no gando da rexión. Partindo da riqueza que supón a produción pecuaria galega, considera que esta experimenta perdas millonarias causadas por enfermidades, dexeneración dos animais, e as industrias que de elas derivan están nun estado rudimentario. Considera urxente, de xeito ditatorial si é preciso, reducir estas perdas ao mínimo, emprendendo melloras nas razas indíxenas e a través da formación dos labregos. Para elo, reclama a autonomía rexional para Galicia solicitando que a organización dos servizos de conservación y de fomento pecuario pasen a depender do organismo que rexa dita autonomía. Esta organización debería ter en conta a reforma do plan de estudos e réxime actual da Escola de Veterinaria de Santiago, división da rexión en distritos pecuarios, sen ter en conta a división dos concellos nin dos partidos xudiciais, creando en cada distrito pecuario unha escola práctica agropecuaria e comercial. Dito organismo crearía un corpo de Inspectores de Hixiene e Fomento Pecuario, así como se encargaría da redacción de regulamentos para a conservación pecuaria (epizootias, seguros, etc,..) e a mellora (sementais, concursos, feiras, etc,..)⁵.

Publica outros artigos, onde sinala a importancia que teñen os Inspectores municipais, a labor de persoeiros a prol do sector pecuario galego, ou enfermidades concretas do gando vacún que supoñen grandes perdas reprodutivas⁶.

Gaña en 1925 o primeiro premio dun concurso de memorias organizado polo Colexio de Veterinarios de A Coruña, cun tema sobre a instauración de basculas nas feiras e nos matadoiros⁷.

A través da causa 296/1936 podemos coñecer como foi a súa detención en agosto de 1936 e o seu posterior xuízo. Así, o 3 de agosto, é detido xunto con vinte veciños de Cedeira. Antes de ser xulgados, cinco dos detidos son executados durante o traslado baseándose na aplicación da "lei

⁴ A. CASTILLO, "Extracto de una conferencia dada en Silvalonga", *El Ideal Gallego*, 22 de xaneiro de 1922, A Coruña.

⁵ A. CASTILLO, "La enseñanza de la ganadería en Galicia. Ante la próxima autonomía regional", *El Ideal Gallego*, 21 de outubro de 1923, A Coruña

⁶ A. CASTILLO, "Las inspecciones municipales de higiene y sanidad pecuarias", *El Ideal Gallego*, 27 de xaneiro de 1924, A Coruña; A. CASTILLO, "La obra de Don Misael Prieto, párroco de Meirás", *El Ideal Gallego*, 24 de febreiro de 1924, A Coruña, páx. 1925; A. CASTILLO, "Otra gran pérdida de la ganadería bovina. La vaginitis granulo contagiosa", *El Ideal Gallego*, 29 de marzo de 1925, A Coruña

⁷ A. CASTILLO, *La báscula en la feria de Sedes (Narón). Enseñanzas, mejoras e influencia que ha ejercido en la ganadería de la comarca. Oscilaciones experimentadas (sic) en el precio y peso de las terneras durante el año de 1925. Mejora en los servicios de información comercial de la misma*, *El Ideal Gallego*, A Coruña, 1926

de fugas", debido a que "las fuerzas que los conducían al depósito se vieron en la imprescindible necesidad de hacer fuego cuando intentaron darse a la fuga" ⁸. No caso de Antonio Castillo, o día 1 de setembro é posto en liberdade⁹.

O 4 de decembro de 1936 celebrase o Consello de Guerra, onde se determina a súa participación o 20 de xullo dese mesmo ano, na defensa de Cedeira a favor da República. Xunto cos seus compañeiros de cadea, entre outros o alcalde de Cedeira, Manuel Fernández Freijeiro, é executado no castelo de San Felipe o 18 de decembro de 1936 sendo enterrado no cemiterio de Serantes (Ferrol).

BIBLIOGRAFIA

CASTILLO, A., "Extracto de una conferencia dada en Silvalonga", *El Ideal Gallego*, 22 de xaneiro de 1922, A Coruña, páx 5.

CASTILLO, A., "Inspección de la leche", *El Ideal Gallego*, 23 de marzo de 1924, A Coruña, páx 3.

CASTILLO, A., *La báscula en la feria de Sedes (Narón). Enseñanzas, mejoras e influencia que ha ejercido en la ganadería de la comarca. Oscilaciones espermentadas (sic) en el precio y peso de las terneras durante el año de 1925. Mejora en los servicios de información comercial de la misma*, El Ideal Gallego, A Coruña, 1926.

CASTILLO, A., "La enseñanza de la ganadería en Galicia. Ante la próxima autonomía regional", *El Ideal Gallego*, 21 de outubro de 1923, A Coruña, páx 4.

CASTILLO, A., "La evolución agro-pecuaria en Galicia. I", *El Ideal Gallego*, 30 de outubro de 1921, A Coruña, páx 6.

CASTILLO, A., "La evolución agro-pecuaria en Galicia. II", *El Ideal Gallego*, 27 de novembro de 1921, A Coruña, páx 5.

CASTILLO, A., "La obra de Don Misael Prieto, párroco de Meirás", *El Ideal Gallego*, 24 de febreiro de 1924, A Coruña, páx 3.

CASTILLO, A., "Las inspecciones municipales de higiene y sanidad pecuarias", *El Ideal Gallego*, 27 de xaneiro de 1924, A Coruña, páx 3.

CASTILLO, A., "Otra gran pérdida de la ganadería bovina. La vaginitis granulo contagiosa", *El Ideal Gallego*, 29 de marzo de 1925, A Coruña, páx 5.

⁸ Causa 296/1936 de Ferrol-Terra. Tribunal Militar Territorial IV de A Coruña

⁹ "EN LIBERTAD", *El Pueblo Gallego*, 1 de setembro de 1936, Vigo.